

Expediente núm.: 266/2020  
Acta de 1º exercicio da Fase de Oposición  
Procedemento: Seleccións de Persoal e Provisións de Postos

### ACTA VALORACIÓN 1º EXERCICIO DA FASE DE OPOSICIÓN

Reunidos na Casa Consistorial, o 3 de marzo de 2021, ás 09:00 horas, os integrantes do Tribunal cualificador do proceso selectivo de estabilización de Animador/a Cultural, son:

Cargo	Identidade
Presidente	Ana María Ocampo Pérez Gorostiaga
Secretario	Antonio Mosquera Rodríguez
Vogal	M.ª Ermitas Sánchez González
Vogal	María Isabel Novo López
Vogal	María Teresa Alcalde Valle

Visto que na cláusula oitava das Bases que rexen o proceso de selección se indica que se realizará un cuestionario tipo test de 60 preguntas sobre os contidos do temario relacionado no Anexo II das bases, procédese á elaboración de dita proba. Sendo dito cuestionario o que deseguido se transcribe:

#### “ANIMADORA/A CULTURA

#### 1. De acordo coa Constitución Española de 1978, a soberanía nacional reside:

- a) No xefe do Estado.
- b) No pobo español.**
- c) Nas Cortes Xerais.

#### 2. A ensinanza básica en España, segundo a Constitución é:

- a) Gratuíta e pública
- b) Optativa, pública e gratuíta
- c) Obrigatoria e gratuíta**

#### 3. A quen ten que dar conta o Defensor do Pobo?

- a) O xefe do Estado.
- b) As Cortes Xerais.**
- c) As 2 son correctas.

#### 4. A forma política do Estado Español é:

- a) A Democracia Parlamentaria
- b) A Monarquía Parlamentaria**
- c) A Monarquía hereditaria

#### 5. O Xefe do Estado é:



- a) O presidente do Goberno.
- b) O Rei.**
- c) O presidente da Xunta

**6. Quen exerce a función executiva de acordo coa Constitución e as leis?**

- a) A Administración.
- b) O goberno.**
- c) O Xefe do Estado.

**7. O título VIII da Constitución Española denomínase:**

- a) Do poder xudicial.
- b) Da organización territorial do Estado.**
- c) Do tribunal Constitucional.

**8. Que potestade exerce o Parlamento de Galicia?**

- a) A potestade lexislativa**
- b) A potestade executiva
- c) A potestade administrativa

**9. Como se estrutura o Estatuto da Comunidade Autónoma de Galicia?**

- a) Un título preliminar, cinco títulos e catro disposicións transitorias.
- b) Un título preliminar, cinco títulos ,sete disposicións adicionais e catro disposicións transitorias.
- c) Un título preliminar, cinco títulos , catro disposicións adicionais e sete disposicións transitorias.**

**10. Exercer a potestade lexislativa da Comunidade Autónoma de Galicia é unha función:**

- a) Do Parlamento de Galicia**
- b) Da Xunta de Galicia
- c) Do Presidente da Xunta de Galicia

**11. O artigo 11 do Estatuto de Autonomía de Galicia sinala que o Parlamento de Galicia, estará constituído por:**

- a) Os deputados elixidos por sufraxio universal, igual, directo e secreto.
- b) Os deputados elixidos por sufraxio universal, igual, libre, directo e secreto.**
- c) Ningunha é correcta

**12. O Parlamento de Galicia será elixido por un prazo de :**

- a) Cinco anos.
- b) Catro anos.**
- c) Tres anos.

**13. O orzamento da Comunidade Autónoma Galega:**

- a) Será plurianual.
- b) Será único.**
- c) Será elaborado polo Parlamento.

**14. A aprobación das ordenanzas locais axustaranse o seguinte procedemento:**

- a) Aprobación inicial polo Pleno.
- b) Información pública e audiencia os interesados e resolución de todas as reclamacións.
- c) Todas son correctas.**

**15. Os bens das entidades locais son:**

- a) Comunais e veciñais.
- b) De dominio público ou patrimoniais.**
- c) As 2 son correctas.

**16. A entidade local básica de organización territorial do Estado é:**

- a) O territorio.
- b) A poboación.
- c) O municipio.**

**17. Pode un municipio pertencer a máis dunha provincia?**

- a) Si.
- b) Non.**
- c) Si, sempre e cando as provincias sexan limítrofes co municipio.

**18. Os funcionarios públicos clasifícanse en:**

- a) Funcionarios de carreira, funcionarios interinos, persoal laboral e eventual.**
- b) Funcionarios de carreira, persoal laboral e persoal eventual.
- c) Funcionarios de carreira, interinos, laboral fixo e eventual.

**19. A preveza da condición de empregado público para obter un beneficio indebido para si ou para outro, é unha falta dos empregados públicos:**

- a) Grave.
- b) Moi grave.**
- c) Leve.

**20. A lei 39/2015 do procedemento administrativo ten por obxecto regular:**

- a) “Os requisitos de validez e eficacia dos actos administrativos, o procedemento administrativo común a todas as administracións públicas....” .**
- b) As bases de réxime xurídico das administracións públicas.
- c) As dúas son correctas.

**21. O medio elixido pola persoa para comunicarse coas administracións públicas:**



- a) Non poderá ser modificado con posterioridade ó tramite de audiencia  
**b) Poderá ser modificado en calquera momento.**  
c) Unicamente poderá ser modificado cando de non facelo corra o risco de non alcanzar a pretensións do interesado.

**22. A lingua dos procedementos tramitados pola administración xeral do Estado será:**

- a) **O castelán.**  
b) Preferiblemente o castelán.  
c) O español ou calquera outra lingua oficial en algún territorio do Estado.

**23. Os documentos que os interesados dirixan aos órganos das administracións públicas poderán presentarse, entre outros:**

- a) **Nas representacións diplomáticas ou oficinas consulares de España no estranxeiro.**  
b) Nas oficinas de correos, na forma que legalmente se estableza  
c) As 2 son correctas.

**24. Poderán realizar copias autenticas mediante funcionario habilitado ou mediante actuación administrativa automatizada:**

- a) A administración xeral do Estado.  
**b) A administración xeral do Estado, as comunidades autónomas e as entidades locais.**  
c) A administración xeral do Estado e as comunidades autónomas.

**25. As administracións públicas poderán identificarse mediante selo electrónico recoñecido ou cualificado que reúna os requisitos esixidos pola lexislación da sinatura electrónica) Estes certificados electrónicos incluírán, entre outros:**

- a) O número de identificación fiscal.  
b) A identidade da persoa titular no caso de selos electrónicos de órganos administrativos.  
**c) As dúas son correctas.**

**26. Aquel enderezo electrónico dispoñible para os cidadáns a través de redes de telecomunicacións, cuxa titularidade corresponde a unha administración pública, é a definición de:**

- a) Portal de Internet.  
b) Certificado electrónico.  
**c) Sede electrónica**

**27. Cales son os sistemas de sinatura electrónica para a actuación administrativa automatizada segundo a lei 40/2015 de réxime xurídico do sector público?**

- a) **Selo electrónico e código seguro de verificación.**  
b) Selo electrónico e chave 365.  
c) Selo electrónico e certificado electrónico.



28. No suposto de obtención dunha subvención ocultando as circunstancias que legalmente llo impedirían, procedese a:

- a) Ó reintegro das cantidades percibidas.
- b) Ó reintegro das cantidades percibidas e a esixencia do interese de demora correspondente.**
- c) Ó cumprimento extemporáneo das condicións requiridas.

29. Son gastos subvencionables segundo a lei xeral de subvencións:

- a) Os que respondan á natureza da actividade subvencionada de forma que non deixa lugar a dúbida
- b) Os que en ningún caso o seu custe de adquisición poderá ser superior ó valor do mercado.
- c) Todas son correctas.**

30. As bases reguladoras de cada tipo de subvención Galega, publicarase:

- a) Unicamente no BOE.
- b) Unicamente no DOGA
- c) No DOGA e na páxina web do órgano concedente.**

31. Segundo a lei de subvencións de Galicia, o dereito da administración a recoñecer ou liquidar o reintegro prescribirá:

- a) Os 2 anos.
- b) Os 4 anos.**
- c) O cabo dun ano.

32. Segundo a lei de subvencións de Galicia, cal dos seguintes é unha obrigaón dos beneficiarios?


- a) Cumprir os obxectivos, executar o proxecto, realizar a actividade ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión da subvención.**
- b) Acreditar tras a proposta de resolución que se atopa o corrente no cumprimento das obrigas tributarias e fronte a seguridade social.
- c) Todas son correctas.

33. De acordo coa lei 5/2012 do 15 de xuño de bibliotecas de Galicia, as bibliotecas locais son aquelas de titularidade municipal que cumpren as condicións necesarias para prestar o servizo de lectura pública nunha área de poboación de:

- a) 5000 a 15000 habitantes.
- b) 3000 a 20000 habitantes.
- c) 2000 a 20000 habitantes.**

34. As bibliotecas en función da súa titularidade poden ser:




- 
- a) Públicas.
  - b) Privadas.
  - c) As dúas son correctas.**


**35. Un conxunto de documentos bibliográficos reunido en función de criterios subxectivos de valoración sociocultural e de conservación é:**

- a) Unha colección bibliográfica
- b) Un fondo bibliográfico.**
- c) Un fondo documental bibliotecario.

**36. O préstamo bibliotecario é:**

- 
- a) A posta a disposición de orixinais ou copias por tempo limitado sen beneficio económico.**
  - b) A posta a disposición de orixinais ou copias por tempo limitado sen beneficio sempre que se realice en bibliotecas privadas.
  - c) A posta a disposición de orixinais ou copias por tempo ilimitado.


**37. A rede de Bibliotecas de Galicia terá a seguinte estrutura:**

- 
- a) Bibliotecas centrais territoriais, de proximidade e locais.
  - b) Bibliotecas municipais e servizos bibliotecarios móbiles.
  - c) As dúas son correctas.**

**38. Cal non é unha característica do xogo?**

- a) Voluntario.
- b) Innato.
- c) Require a participación de varias persoas.**


**39. O xogo caracterízase por:**

- 
- a) Limitado no espazo e tempo.
  - b) Libre, espontáneo e voluntario.
  - c) Todas son correctas.**

**40. Cal dos seguintes non é unha característica do xogo?**

- a) Compensador.
- b) Autotélico.
- c) Involuntario.**

**41. Que tipo de xogos son os que se transmiten de forma espontánea de xeración en xeración e forma parte da memoria e a cultura?**

- 
- a) Os xogos tradicionais.**
  - b) Os xogos cooperativos.
  - c) Os xogos multiculturais.

**42. Cales son os tres piares do envellecemento activo?:**



- a) **Benestar físico, mental e social.**
- b) Benestar físico e psicolóxico.
- c) Benestar físico, psicolóxico e familiar.

43. Segundo a OMS o proceso polo que se optimizan as oportunidades de benestar físico, social e mental durante toda a vida, co obxectivo de ampliar a esperanza de vida saudable, a produtividade e a calidade de vida na vellez é:

- a) **Envellecemento activo.**
- b) Envellecemento activo e sociable.
- c) Envellecemento saudable.

44. O desenvolvemento infantil e froito de:

- a) **A interacción entre factores xenéticos e ambientais.**
- b) O sistema nervioso.
- c) As bases xenéticas da función neuronal.

45. O desenvolvemento infantil nos primeiras anos de vida caracterízase por:

- a) **A progresiva adquisición de funcións: control postural, autonomía de desprazamentos, a comunicación, a linguaxe verbal e a interacción social.**
- b) A etapa de operacións formais.
- c) As reaccións dos nenos segundo os órganos dos sentidos que interveñen fronte a un estímulo.

46. Cal é o obxectivo principal da Animación sociocultural?

- a) **Conseguir o desenvolvemento social e cultural da comunidade.**
- b) O desenvolvemento da comunidade.
- c) Realizar actividades nunha comunidade concreta

47. A animación sociocultural traballa nos sectores:

- a) **Tanto públicos como privados.**
- b) Solo privados.
- c) Solo públicos.

48. Cal é o obxectivo xeral da animación sociocultural?

- a) **Participación.**
- b) Asistencia
- c) Activación da poboación.

49. Cal é a raíz etimolóxica latina que propoñen algúns autores sobre a animación?

- a) Dinamizar.
- b) **Ánima**
- c) Vita

50. Que tipo de actividades podemos desenvolver na animación sociocultural?



- a) Deportivas.
- b) Culturais e de ocio.**
- c) As dúas son correctas.

51. Cando se pode considerar que existe a animación sociocultural?

- a) Cando hai capacidade de reacción e relación cos demais.
- b) Cando hai animación, vitalidade e dinamismo.
- c) As dúas son correctas.**

52. A principal función da animación sociocultural nas persoas maiores é:

- a) Amainar.
- b) Dinamizar.**
- c) Comunicar.

53. Que perfil debería reunir un animador/a sociocultural?

- a) Dinamismo e personalidade, capacidade e entrega, tolerancia e comprensión.
- b) Espírito de organización, traballo en equipo, imaxinación e capacidade de comunicación.
- c) As dúas son correctas.**

54. Entre os valores que promove a animación sociocultural atópase:

- a) A colaboración.**
- b) A competitividade.
- c) A alfabetización.

55. Cales son os tres ámbitos de intervención na animación sociocultural segundo a maioría dos autores?

- a) Cultural, social e comunitario.**
- b) Educativo, social e cultural.
- c) Comunitario, participativo e cultural.

56. quen reconece a función social da animación en 1955?

- a) A UNESCO.**
- b) España
- c) Francia

57. En que real decreto se establece o título de Técnico superior en Animación sociocultural e turística e se fixan as súas ensinanzas mínimas?

- a) No Real Decreto 1648/2011.**
- b) No Real Decreto 1394/2007.
- c) No Real Decreto 2058/1995.

58. Segundo a ordenanza reguladora do prezo público pola realización do campamento de verán e Nadal, quen son os beneficiarios?





- a) Nenos/as de 3 a 12 anos empadroados no concello de Santiso.  
b) **Todos os pais/nais/titores/as ou encargados/as dos participantes menores, con idades comprendidas entre 3 e 14 anos que participan no campamento de verán e os/as de idades comprendidas entre 3 e 12 anos os que participan no campamento de Nadal.**  
c) Ningunha é correcta

59. En que parroquia se sitúa o punto xeodésico?

- a) **Pezobre.**  
b) Belmil.  
c) Barazón.

60. O encoro de Portodemouros baña as parroquias de:

- a) Visantoña e Beigondo.  
b) Ribadulla e Belmil.  
c) **Todas son correctas.**

#### RESERVA

61. Onde está situada a Axencia de lectura de Santiso?

- a) Centro cultural.  
b) **Antiga casa do Concello.**  
c) Casa da cultura

62. En que núcleos poboacionais están ubicados os pavillóns deportivos e escolas?

- a) **Ponte Arcediago e Visantoña**  
b) Seoane e Santiso.  
c) Ningunha é correcta

63. En que local se leva a cabo o campamento de Nadal?

- a) Escola de Arcediago.  
b) **Escola de Visantoña**  
c) Centro cultural de Visantoña

64. Cal é o xentilicio de Santiso?

- a) Santisense, Santisensa  
b) **Santisés, Santisesa**  
c) Ningunha é correcta

65. Cal das seguintes agrupacións forman parte da cultura de Santiso?

- a) Banda de Música de Visantoña e a charanga "Os amigos de Visantoña".  
b) Coral polifónica de Santiso e os gaiteros "Fol da Chousa".  
c) **As dúas son correctas."**



Ás 10:15 os membros do tribunal diríxense ó pavillón de Ponte Arcediago, onde estaban citados os aspirantes, para comunicarlle o cambio de localización da proba, que pasa a realizarse na casa consistorial do concello. Procédese a identificar a todos os/as candidatos/as asistentes (un total de 3 asistentes) e faise entrega para que asinen nunha “Declaración Responsable Covid-19”. Unha vez todos sentados faise entrega do exame, dando 70 minutos para a realización da proba tal e como se indican nas bases.

Como resultado da corrección dos cuestionarios realizados, a Comisión Seleccionadora -por unanimidade dos catro membros integrantes con dereito a voto- outorgou as seguintes puntuacións:

DNI	Identidade do Aspirante	NP	Acertos	Erros	Puntuación Obtida
7*3*3*1**	CERES LÓPEZ VÁZQUEZ	X			
4*8*0*6**	JAIME BELLO GONZALEZ		45	15	45
7*8*0*3**	MERITXELL ÁLVAREZ AGUIÓN	X			
3*2*0*4**	MIRIAN PALMON DIAZ		41	19	41
7*8*0*0**	TERESA MATO MARTINEZ		51	9	51

Tras considerar oportuno repasar as puntuacións outorgadas, comprobando de novo os cuestionarios contestados, ratifícase a puntuación dada.

Á vista das puntuacións obtidas polos candidatos, quedan coa seguinte puntuación:

DNI	Identidade do Aspirante	Fase Concurso	Fase Oposición	Puntuación Obtida
7*3*3*1**	CERES LÓPEZ VÁZQUEZ	1,60	NP	--
4*8*0*6**	JAIME BELLO GONZALEZ	2	45	47
7*8*0*3**	MERITXELL ÁLVAREZ AGUIÓN	2	NP	--
3*2*0*4**	MIRIAN PALMON DIAZ	5	41	46
7*8*0*0**	TERESA MATO MARTINEZ	37	51	88

Visto que na cláusula 8.2.2. das Bases que rexen o proceso de selección se indica que se realizará unha proba de galego ós aspirantes que non acrediten estar en posesión do título Celga 4 ou equivalente, á vista de que a aspirante con máis puntuación acredita estar en posesión do título esixido, non se realiza a proba.

Á vista dos resultados, a comisión seleccionadora realiza a proposta de contratación a favor da candidata TERESA MATO MARTINEZ.

O Presidente dá por terminada a reunión ás 11:50 horas.

**Concello de Santiso**